

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro                | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------------|----------|---------------|
| 15006742 | IES Concepción Arenal | Ferrol   | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|-----------------------------|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Economía e emprendemento    | 4º ESO | 3                | 105            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 4             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 5             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 6             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 13            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 15            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 16            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 16            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 17            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 19            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 20            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 21            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 23            |
| 9. Outros apartados   | 23            |

## 1. Introducción

A materia de modalidade Economía e Emprendemento está exposta como materia optativa en cuarto curso da educación secundaria obrigatoria e persegue dúas finalidades: por unha banda, que o alumnado dispoña dunha educación económica e financeira para desenvolver, de maneira responsable e viable, os seus proxectos vitais, profesionais e, no seu caso, empresariais; e, por outra banda, que o alumnado poida buscar solucións innovadoras para afrontar os retos que se propoñan, a través do seu autocoñecemento, o coñecemento adquirido e a colaboración cos demais.

O estudo da economía e as finanzas, ademais de poder coñecer as regras que explican os acontecementos económicos e as consecuencias das propias decisións financeiras, proxecta valores como a solidariedade entre persoas, a importancia da sustentabilidade ou a xestión responsable dos recursos. O emprendedor, cunha formación económica e financeira adecuada, desempeña un papel importante na busca de oportunidades e ideas que contribúan a satisfacer as necesidades da contorna, xerando valor, innovando e contribuíndo a mellorar o benestar persoal, social e cultural.

O Decreto 156/2022 constitúe a base da programación do curso, e reparte os criterios de avaliación e contidos en catro bloques que contribuirán á consecución dos obxectivos da materia:

1. O bloque "O perfil da empresa emprendedora, iniciativa e creatividade" vincúlase coa análise e desenvolvemento do perfil da persoa emprendedora facendo fincapé no autocoñecemento e no desenvolvemento de habilidades persoais para poder afrontar contextos cambiantes e incertos nos que emprender.

2. O bloque "A contorna como fonte de ideas e de oportunidades" lígase á análise das distintas contornas -económica, empresarial, social, ambiental, cultural e artística-, así como o desenvolvemento de estratexias que lle permitan ao alumnado identificar necesidades e buscar oportunidades que xurdan, facéndoo consciente de como a contorna condiciona os seus propios proxectos persoais e profesionais.

3. O bloque "Recursos para levar a cabo un proxecto emprendedor" céntrase na captación e xestión dos recursos humanos, materiais, inmateriais e dixitais como elementos necesarios para que un proxecto se poida levar á realidade. Abórdanse cuestións sobre as fontes de financiamento, recursos financeiros e formación e funcionamento efectivo dos equipos de traballo.

4. O bloque "A realización do proxecto emprendedor" trata de dar a coñecer como facer un proxecto emprendedor desde a idea inicial ata a execución e validación do prototipo final.

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 4º de ESO do IES CONCEPCIÓN ARENAL que cursa a materia de Economía e Emprendemento...

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos  | CCL   | CP  | STEM | CD | CPSAA | CC | CE    | CCEC |
|---|-------|-----|------|----|-------|----|-------|------|
| OBX1 - Analizar e valorar as fortalezas e as debilidades propias e as dos demais, reflexionando sobre as aptitudes, xestionando de forma eficaz as emocións e as destrezas necesarias que promovan unha actitude vital creadora para adaptarse a contornas cambiantes e deseñar un proxecto persoal único, cunha actitude emprendedora que xere valor para os demais.   |       |     |      |    | 1     | 1  | 2     | 3    |
| OBX2 - Utilizar estratexias de conformación de equipos, así como habilidades sociais, de comunicación e innovación áxil, aplicándoas con autonomía e motivación ás dinámicas de traballo en distintos contextos, para constituír grupos de traballo eficaces e descubrir o valor de cooperar con outras persoas durante o proceso de ideación e desenvolvemento de solucións emprendedoras.   | 1     | 1-2 |      |    | 1-3   | 1  | 2     |      |
| OBX3 - Elaborar, con sentido ético e solidario, ideas e solucións innovadoras e sostibles que dean resposta ás necesidades locais e globais detectadas, utilizando metodoloxías áxiles de ideación e analizando tanto os seus puntos fortes e débiles coma o impacto que poidan xerar esas ideas na contorna, para lograr a superación de retos relacionados coa preservación e co coidado da contorna natural, social, cultural e artística. |       |     | 3    |    |       | 4  | 1-2-3 | 3    |
| OBX4 - Seleccionar e reunir os recursos dispoñibles no proceso de desenvolvemento da idea ou solución creativa proposta, coñecendo os medios de produción e as fontes financeiras que proporcionan estes recursos e aplicando estratexias de captación destes para poñer en marcha o proxecto que leve á realidade a solución emprendedora.   |       |     | 3    | 2  |       |    | 1-2   |      |
| OBX5 - Presentar e expoñer ideas e solucións creativas utilizando estratexias comunicativas áxiles e valorando a importancia dunha comunicación efectiva e respectuosa para transmitir mensaxes convincentes adecuadas ao contexto e aos obxectivos concretos de cada situación e validar as ideas e as solucións presentadas.  | 1-2-3 |     |      | 3  | 1     | 1  | 1-2   |      |

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE    | CCEC |
|--|-----|----|------|----|-------|----|-------|------|
| OBX6 - Comprender aspectos básicos da economía e das finanzas, valorando criticamente o problema da escaseza de recursos e a necesidade de elixir, así como os principios de interacción social desde o punto de vista económico, para relacionar os devanditos aspectos coa procura e planificación dos recursos necesarios no desenvolvemento da idea ou da solución emprendedora que afronte o reto exposto de maneira eficaz, equitativa e sostible. |     |    |      |    |       | 1  | 1-2-3 |      |
| OBX7 - Construír e analizar de maneira cooperativa, autónoma e áxil prototipos innovadores e sostibles, aplicando estratexias eficaces de deseño e execución, avaliando todas as fases do proceso de maneira crítica e ética e validando os resultados obtidos tanto para a mellora e perfeccionamento dos prototipos creados coma para a aprendizaxe e o desenvolvemento persoal e colectivo.   |     |    | 3    | 5  | 3-5   |    | 2-3   |      |

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título                      | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | A economía como ciencia.    | A ciencia económica. A escaseza de recursos e a necesidade de elixir. O custo de oportunidade. A toma de decisións.   | 11             | 12         | X        |          |          |
| 2  | A organización económica.   | Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. Os sectores produtivos.  | 9              | 10         | X        |          |          |
| 3  | A empresa e a súa contorna. | Análise da contorna específica ou microcontorna. A responsabilidade social corporativa. Análise da contorna xeral ou macrocontorna.                               | 12             | 12         | X        |          |          |
| 4  | O mercado.                  | O funcionamento dos mercados. Comercio, benestar e desigualdades. Os retos do século XXI.   | 12             | 12         |          | X        |          |
| 5  | A organización da empresa.  | Funcións da empresa. Elementos da empresa. Os equipos nas empresas. Traballo en equipo.   | 12             | 12         |          | X        |          |
| 6  | Inversión e financiamento.  | O sistema financeiro. As finanzas. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e longo prazo. Endebedamento. Xestión de riscos e seguros. | 14             | 15         |          | X        |          |

| UD | Título                  | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 7  | O emprendemento.        | O perfil da persoa emprendedora: habilidades e calidades. Análise DAFO da persoa emprendedora. A xestión das emocións.   | 9              | 10         |          |          | X        |
| 8  | A idea de negocio.      | A idea de negocio e as oportunidades empresariais. Comunicación, motivación e liderado. Dinámicas de traballo en grupo.  | 9              | 10         |          |          | X        |
| 9  | O proxecto emprendedor. | Misión e visión da empresa emprendedora. Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Viabilidade económica e financeira da empresa. A elección da forma xurídica. | 12             | 12         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD             | Duración |
|----|--------------------------|----------|
| 1  | A economía como ciencia. | 12       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|---|---|----|-----|
| CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema. | Entender o proceso básico da toma de decisións de carácter económico en distintas contornas.<br>Comprender o concepto de escaseza económica e relacionalo co custo da renuncia das alternativas perdidas. | PE | 100 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| - A economía como ciencia. A perspectiva económica da contorna. O problema económico: a escaseza de recursos e a necesidade de elixir. A elección en economía: custos, análise marxinal, incentivos. O comportamento das persoas nas decisións. |

| UD | Título da UD              | Duración |
|----|---------------------------|----------|
| 2  | A organización económica. | 10       |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA2.5 - Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.   | Comprender o papel dos distintos axentes no fluxo circular da renda.<br>Clasificar as distintas actividades económicas por sectores. | PE        | 80       |
| CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema. | Identificar algún problema económico da súa contorna, razoando as posibles causas e valorando solucións.                             | TI        | 20       |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- A economía como ciencia. A perspectiva económica da contorna. O problema económico: a escaseza de recursos e a necesidade de elixir. A elección en economía: custos, análise marxinal, incentivos. O comportamento das persoas nas decisións.</li> <li>- A contorna económico-empresarial. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda.</li> <li>- Sectores produtivos e xéneros da contorna cultural e artística. Axentes que apoian a creación de proxectos culturais emprendedores.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>         | <b>Duración</b> |
|-----------|-----------------------------|-----------------|
| 3         | A empresa e a súa contorna. | 12              |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA2.3 - Preservar e coidar a contorna natural, social, cultural e artística a partir de propostas e actuacións locais e globais que promovan o desenvolvemento sostible, con visión creativa, emprendedora e comprometida.  | Identificar a contorna específica e xeral dunha determinada empresa.<br>Recoñecer distintas propostas para evitar o impacto negativo das empresas na súa contorna natural, social e cultural. | PE        | 80       |
| CA2.4 - Propoñer ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o impacto que poidan xerar no eido persoal e na contorna e aplicando metodoloxías áxiles para a obtención de solucións ás necesidades detectadas con sentido ético e solidario.                     | Valorar o impacto da actividade empresarial na súa contorna.<br>Recoñecer a importancia da responsabilidade social corporativa das empresas.  |           |          |
| CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema. | Identificar estratexias de responsabilidade social corporativa en empresas da contorna.   | TI        | 20       |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- O mercado e as oportunidades de negocio: análise da contorna xeral ou macrocontorna; análise da contorna específica ou microcontorna. Análise DAFO de proxectos empresariais. Estratexias de exploración da contorna. Procura e xestión da información.
- A empresa e a súa responsabilidade social. A decisión empresarial e a innovación como fonte de transformación social.
- O impacto da actividade empresarial: a responsabilidade social corporativa. A contorna social, cultural e ambiental desde unha perspectiva económica. A economía colaborativa. A pegada ecolóxica e a economía circular. A economía social e solidaria. Os obxe

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 4  | O mercado.   | 12       |

| Craterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA2.5 - Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.   | Aplicar razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas da súa contorna.  | PE | 80 |
| CA2.6 - Valorar criticamente o problema económico da escaseza de recursos, a necesidade de elixir e a proposta de solucións que supoñan un mellor aproveitamento dos recursos e a reutilización circular das desfeitas xerados que contribúan á sostibilidade do sistema. | Valorar o papel do mercado na asignación dos recursos. Propoñer solucións para reducir as desigualdades que se poidan xerar e incrementar o benestar. Identificar as características da economía social e solidaria, e a economía circular. | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- O funcionamento dos mercados. Comercio, benestar e desigualdades.
- O impacto da actividade empresarial: a responsabilidade social corporativa. A contorna social, cultural e ambiental desde unha perspectiva económica. A economía colaborativa. A pegada ecolóxica e a economía circular. A economía social e solidaria. Os obxe

| UD | Título da UD               | Duración |
|----|----------------------------|----------|
| 5  | A organización da empresa. | 12       |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|



| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.1 - Constituír equipos de traballo baseados en principios de equidade, coeducación e igualdade entre homes e mulleres, actitude participativa e visualización de metas comúns, utilizando estratexias que faciliten a identificación e a optimización dos recursos humanos necesarios que conduzan á consecución do reto proposto. | Identificar as funcións da xestión dos recursos humanos.<br>Seleccionar equipos de traballo que conduzan á consecución dos obxectivos propostos.         | PE        | 80       |
| CA3.2 - Poñer en práctica habilidades sociais, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación en distintos contextos de traballo en equipo, valorando as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo e respectando as decisións tomadas de forma colectiva   | Identificar e aplicar estratexias de traballo en equipo. Identificar e aplicar distintas técnicas de resolución de conflitos, comunicación e motivación. |           |          |
| CA3.3 - Planificar e poñer en marcha un proxecto viable que leve á realidade unha solución emprendedora, seleccionando e reunindo os recursos materiais, inmateriais e dixitais máis adecuados ao noso proxecto.   | Identificar os distintos elementos da empresa, e aplicarlos a unha empresa en concreto.  | TI        | 20       |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| - Misión, visión e valores da empresa ou entidade: a cultura empresarial. A organización e a xestión das entidades emprendedoras. Funcións da empresa.   |
| - Os equipos nas empresas e organizacións. Estratexias áxiles de traballo en equipo. Formación e funcionamento de equipos de traballo. Estratexias de comunicación, negociación e solución de conflitos. |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>        | <b>Duración</b> |
|-----------|----------------------------|-----------------|
| 6         | Inversión e financiamento. | 15              |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA2.5 - Afrontar os retos en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas, transferindo os coñecementos económicos e financeiros necesarios e sendo consciente da importancia para a persoa emprendedora da capacidade de anticipación aos cambios da contorna.     | Explicar o papel do sistema financeiro.   | PE        | 70       |
| CA3.3 - Planificar e poñer en marcha un proxecto viable que leve á realidade unha solución emprendedora, seleccionando e reunindo os recursos materiais, inmateriais e dixitais máis adecuados ao noso proxecto.  | Aplicar a casos prácticos os coñecementos sobre financiamento e investimento adquiridos.  |           |          |
| CA3.4 - Utilizar con autonomía estratexias de captación e xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e solucións en accións e planificando con coherencia a súa organización, distribución, uso e optimización. | Entender as posibilidades de financiamento que existen nos mercados financeiros, valorando os riscos e custos das distintas fontes. |           |          |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA3.5 - Presentar e expoñer, con claridade e coherencia, ideas e solucións creativas, co fin de captar recursos para o financiamento e o mecenado deste.  | Xustificar a elección dunha fonte concreta de financiamento para un caso determinado.                            | TI        | 30       |
| CA3.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora vendo a relación entre os coñecementos adquiridos e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento, identificando os máis adecuados en distintos contextos e situacións, reais ou simuladas e aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios. | Determinar os investimentos e fontes de financiamento necesarios para o desenvolvemento dunha idea emprendedora. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- O sistema financeiro.</li> <li>- As finanzas da persoa emprendedora: control e xestión do diñeiro. Fontes e control de ingresos e gastos. Recursos financeiros a curto e a longo prazo e a súa relación co benestar financeiro. O endebedamento. Fontes de financiamento e captación de recursos</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 7         | O emprendemento.    | 10              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA1.2 - Utilizar estratexias de análise razoada das fortalezas e debilidades persoais e da iniciativa e creatividade propia e da dos demais.   | Identificar as fortalezas e debilidades persoais propias e dos demais que se identifican coa iniciativa emprendedora. | PE        | 65       |
| CA1.3 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais, promovendo e desenvolvendo actitudes creativas, asumindo o risco que supón un proxecto innovador e aprendendo dos erros que cometemos.                                | Valorar as características propias do emprendedor necesarias para poñer en marcha un proxecto innovador.              |           |          |
| CA2.2 - Xestionar de forma eficaz as emocións e as destrezas persoais promovendo e desenvolvendo actitudes creativas.  | Aplicar estratexias de xestión de emocións.   |           |          |
| CA1.1 - Adaptarse a contornas complexas e crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo do autoconhecimento e tomando conciencia de que o proceso emprendedor constitúe unha forma de enriquecemento e crecemento persoal. | Realizar a análise DAFO propia. Valorar o proceso emprendedor como forma de enriquecemento persoal.                   | TI        | 35       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA1.4 - Pór en práctica as habilidades sociais da persoa emprendedora, de comunicación aberta, motivación, liderado e de cooperación e innovación áxil, tanto de maneira presencial como a distancia, en distintos contextos de traballo en equipo, valorando, respectando e asumindo as achegas dos demais nas distintas dinámicas de traballo en grupo. | Utilizar habilidades sociais propias da persoa emprendedora tanto no traballo individual como en grupo.  |    |   |
| CA2.1 - Adaptarse a contornas complexas e crear un proxecto persoal orixinal e xerador de valor, partindo da valoración crítica sobre as propias aptitudes e as posibilidades creativas.  | Realizar unha valoración crítica da análise DAFO propia. Identificar as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora. |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- A importancia económica e social da persoa emprendedora.</li> <li>- O perfil da persoa emprendedora: habilidades.</li> <li>- Autoconfianza, autoconecemento, empatía, perseveranza, iniciativa e resiliencia.</li> <li>- Técnicas de diagnóstico de debilidades e fortalezas internas. Análise DAFO da persoa emprendedora.</li> <li>- Xestión de emocións. A importancia da motivación para emprender. Estratexias de xestión da incerteza e toma de decisións en contextos cambiantes. O erro e a validación como oportunidades para aprender.</li> <li>- A visión emprendedora.</li> </ul> |

| UD | Título da UD       | Duración |
|----|--------------------|----------|
| 8  | A idea de negocio. | 10       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA1.5 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto na sociedade.  | Avaliar o impacto na sociedade de distintas ideas e solucións innovadoras.           |    |    |
| CA1.6 - Construír ideas creativas e sostibles aplicando metodoloxías áxiles que faciliten a superación dos retos expostos con sentido ético e solidario.                                     | Propoñer ideas creativas que contribúan ao desenvolvemento sostible da súa contorna. | PE | 50 |
| CA1.7 - Validar as ideas e solucións utilizando estratexias comunicativas áxiles adaptadas a cada situación comunicativa.  | Aplicar estratexias comunicativas áxiles na presentación das ideas propostas.        |    |    |
| CA1.8 - Presentar e expoñer, con claridade e coherencia, as ideas e solucións creativas, adquirindo habilidades e técnicas de expresión oral con apoio audiovisual na posta en común destas. | Aplicar estratexias de comunicación ás ideas propostas.                              | TI | 50 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- O perfil da persoa emprendedora: habilidades.</li> <li>- Creatividade, ideas e solucións. A innovación áxil.</li> <li>- Comunicación, motivación e liderado da persoa emprendedora. Habilidades sociais. Dinámicas de traballo en grupo.</li> </ul> |

| UD | Título da UD            | Duración |
|----|-------------------------|----------|
| 9  | O proxecto emprendedor. | 12       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|---|---|----|-----|
| CA4.1 - Adaptarse a contornas complexas cun proxecto persoal orixinal e xerador de valor, logrando pro-gresivamente o control consciente das emocións.  | Presentar un proxecto emprendedor a partir dunha idea de negocio.   | TI | 100 |
| CA4.2 - Superar os retos propostos a partir de ideas e solucións innovadoras e sostibles, avaliando o seu impacto no eido persoal e na contorna.  | Avaliar o impacto da idea de negocio no eido persoal e na contorna.   |    |     |
| CA4.3 - Poñer en marcha un proxecto viable analizando os recursos materiais, inmateriais e dixitais dispoñibles no proceso de ideación creativa.  | Planificar o proxecto de empresa presentado.  |    |     |
| CA4.4 - Utilizar con autonomía estratexias de captación e de xestión de recursos coñecendo as súas características e aplicándoas ao proceso de conversión das ideas e solucións en accións.   | Manexar estratexias de captación e xestión dos recursos necesarios para a posta en marcha do proxecto presentado. |    |     |
| CA4.5 - Validar as ideas e as solucións presentadas mediante mensaxes convincentes e adecuadas, co fin de presentar e expoñer, con claridade e coherencia, as ideas e as solucións creativas, mantendo unha comunicación eficaz e respectuosa ao longo de todo o proceso levado a cabo. | Aplicar ferramentas de comunicación ao proxecto presentado.   |    |     |
| CA4.6 - Desenvolver unha idea ou unha solución emprendedora a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes adquiridos desde o ámbito da economía e das finanzas, vendo a relación entre estes e os recursos necesarios e dispoñibles que permitan o seu desenvolvemento.              | Determinar os recursos necesarios para desenvolver o proxecto presentado.   |    |     |
| CA4.7 - Coñecer e comprender con precisión os contidos necesarios do ámbito económico e financeiro aplicándoos con coherencia a situacións, actividades ou proxectos concretos.   | Analizar a viabilidade do proxecto presentado.  |    |     |
| CA4.8 - Afrontar os retos de maneira eficaz, equitativa e sostible, en distintos contextos aplicando os coñecementos económicos e financeiros necesarios.   | Avaliar o impacto na contorna do proxecto presentado en termos de equitatividade e sostibilidade.                 |    |     |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución                        | IA | % |
|--|---|----|---|
| CA4.9 - Utilizar estratexias eficaces de deseño e execución do prototipo final utilizando métodos de traballo áxiles, cooperativos e autónomos, analizando de maneira crítica o proceso de deseño e execución levado a cabo e valorando a súa viabilidade e adecuación empregada na construción deste. | Realizar un estudo de viabilidade do produto. |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- O reto ou o desafío como obxectivo.</li> <li>- Planificación, xestión e execución dun proxecto emprendedor. Do reto ao prototipo.</li> <li>- Desenvolvemento áxil do produto.</li> <li>- Técnicas e ferramentas de prototipado rápido.</li> <li>- Métodos de análise da competencia. Estratexias competitivas.</li> <li>- Mercadotecnia do produto. Presentación e introdución do prototipo na contorna. Estratexias de difusión.</li> <li>- Validación e testado de prototipos. Valoración do proceso de traballo. Innovación áxil.</li> <li>- Estudo de viabilidade do produto e elección de forma xurídica.</li> <li>- O usuario como destinatario final do prototipo. A toma de decisións dos usuarios. O usuario como consumidor. Dereitos e obrigacións dos consumidores.</li> </ul> |

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía proposta é de ensinanza activa, na que a participación do alumnado é o elemento esencial, procurando a súa formación integral como cidadán. Prestarase atención especial á consecución da súa motivación. Trata de dar unha resposta competencial, pasando da aprendizaxe memorística a aplicar o coñecemento a situacións diversas e cambiantes, cun enfoque interdisciplinar e favorecendo o traballo colaborativo.

No deseño da práctica de ensino e aprendizaxe desta materia consideranse os principios e orientacións pedagóxicas do Decreto 156/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A selección de recursos didácticos e situacións de aprendizaxe realizarase atendendo ás condicións persoais e necesidades específicas do alumnado.

Empregaranse múltiples vías (verbal, auditiva, visual...) na presentación de contidos ao tempo que se promoverá que o alumnado exprese o coñecemento empregando diferentes vías.

Empregaranse recursos tecnolóxicos accesibles para todo o alumnado, comprobando que coñecen e son quen de manexar as ferramentas precisas para realizar as actividades propostas.

Exporanse os obxectivos das tarefas propostas, proporcionando guías de traballo. No estudo de casos, aplicaranse procedementos que permitan verificar os pasos seguidos dende a formulación ata o resultado final.

Fomentarase a análise crítica dos contidos, actividades e tarefas propostas.

Proporanse tarefas, actividades de síntese con traballos individuais ou grupais que permitan relacionar coñecementos. Resulta fundamental promover a participación nos programas e plans educativos do centro que faciliten o desenvolvemento das competencias clave e o tratamento dos elementos transversais.

Ao inicio de cada unidade didáctica exporanse os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa ponderación.

Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.

Avaliación continua nunha ampla variedade de situacións, avaliando tarefas individuais e grupais. Nas tarefas grupais avaliaranse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportacións do alumnado participante.

A avaliación, ademais de informar dos erros cometidos e da puntuación acadada, trasladará propostas de mellora. Deseñaranse criterios de avaliación ou rúbricas para autoavaliación ou coavaliación do alumnado.

No caso de ser preciso realizar atención educativa non presencial procederase tal como se expón:

- Desenvolvemento das sesións empregando a videoconferencia como ferramenta. Sesións individuais de reforzo ao alumnado que presenta maiores dificultades (desvoltas en sesións distintas das previstas para a materia nos horarios dos grupos).

- Foros Aula Virtual: facilitadores da comunicación colectiva.
- Mensaxería Aula Virtual: facilitadora das comunicacións individuais.
- Entrega de tarefas Aula Virtual: facilitan o envío dos exercicios propostos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación  |
|---|
| Aula virtual do centro en webs dinámicas.                 |
| Servizo de videoconferencia: Eduxunta Webex, Falemos Edu. |
| Biblioteca.   |
| Plans, proxectos e programas de centro.                   |
| Aula de informática.                                      |
| Software específico libre.                                |
| Libro de texto.   |
| Actividades complementarias.                              |

Espazo dixital de traballo que permite dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas, documentos e enlaces a outros recursos dixitais; espazo de intercambio e comunicación entre profesorado e alumnado (foros e mensaxería), e de avaliación, seguimento e recuperación (realización de tarefas, cuestionarios, probas ensaio ....).

Plataformas de videoconferencia que permiten ao docente interactuar en tempo real co alumnado: compartindo contidos e facilitando a exposición dos mesmos, facendo cuestionarios e exercicios en tempo real e de xeito colaborativo...

Desenvolvemento de actividades de promoción da lectura no ámbito económico.

Desenvolvemento de actividades nos plans, proxectos e programas nos que participa o centro, vinculados aos contidos da materia, fomentando o traballo dos elementos transversais.

O acceso á aula de informática é imprescindible para o desenvolvemento dos contidos.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso co fin de favorecer o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa. Formularase como proba escrita co fin de avaliar os coñecementos previos da materia e o nivel competencial do alumnado. Permitirá axustar o proceso de ensino ás características que presenta o alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica           | UD 1      | UD 2     | UD 3      | UD 4      | UD 5      | UD 6      | UD 7     | UD 8     | UD 9      | Total      |
|-----------------------------|-----------|----------|-----------|-----------|-----------|-----------|----------|----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>11</b> | <b>9</b> | <b>12</b> | <b>12</b> | <b>12</b> | <b>14</b> | <b>9</b> | <b>9</b> | <b>12</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 100       | 80       | 80        | 80        | 80        | 70        | 65       | 50       | 0         | <b>67</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 0         | 20       | 20        | 20        | 20        | 30        | 35       | 50       | 100       | <b>33</b>  |

### Criterios de cualificación:

- Os instrumentos de avaliación serán deseñados en función dos contidos aprendidos, incluíndo entre outras:
- Cuestións de definición de significado, valórase a coherencia na exposición da resposta, a utilización dunha terminoloxía adecuada, complementando os seus argumentos con exemplos e demostrando que non se trata dunha aprendizaxe memorístico.
  - Probas de aplicación á solución de problemas ou casos de estudo, presentando ao alumnado situacións: problema práctico ou noticia de prensa económica. A solución pode requirir: un proceso de cálculo alxébrico, representación gráfica, elaboración dun xuízo ou a toma dunha decisión sobre o problema exposto, mediante a activación e aplicación de contidos adquiridos.
  - O profesorado pode considerar positivamente na nota de cualificación da avaliación a entrega de actividades que se soliciten ao longo do trimestre ao alumnado (ata 0,5 puntos). Para que estas tarefas se teñan en conta na nota final, deberán ser entregadas en prazo pola aula virtual. Ditas actividades valoraránse en función da corrección das mesmas.

Cada unidade didáctica terá unha nota máxima de 10 puntos. Para o cálculo da nota final do trimestre realizarase a media ponderada das unidades didácticas avaliadas no mesmo. No caso de non alcanzar un 5 como nota media, esa avaliación estará que suspensa.

### CONSIDERACIÓNS A TER EN CONTA POLO ALUMNADO

- A asistencia ao exame na data estipulada é obrigatoria (salvo que exista un xustificante médico da data e hora do exame) e por tanto, en caso de ausencia, só se poderá repetir o exame na data marcada para a recuperación do mesmo.
- A hora de comezo e final dun exame será a mesma para todo o grupo de alumnos/as, por tanto negarase o acceso ao mesmo a aquel alumno ou alumna que chegue tarde. Si antes do exame hai un recreo os/as alumnos/as poderán decidir empezar o examen o inicio do recreo ou o inicio da clase. Non se poderá acceder o examen no medio do recreo.
- Os/as alumnos/as tendrán que traer todo o material que necesiten ( bolígrafo, tip-ex, CALCULADORA, ect.). En ningún caso se permitirá compartir material entre o alumnado.
- Cando a/o profesora/o constate que un alumno ou alumna teña copiado nun exame, terá un cero no exame e deberá presentarse á recuperación.
- Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Cualificación avaliación parcial:

A cualificación de cada avaliación parcial (primeira, segunda e terceira) será a media ponderada das



notas correspondentes a cada unidade didáctica avaliadas en cada avaliación.

Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das centésimas sexa igual ou superior a 75.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das centésimas sexa inferior a 75.

A alumnado que así o desexe poderá presentarse a proba de recuperación de cada avaliación para subir a súa nota. O alumno/a que decida presentarse a dita proba renunciará a nota previa que tiña nos exames dos que se examine. Para o cálculo da nota final do curso terase en conta a nota acadada na proba realizada para subir nota.

Cualificación avaliación ordinaria:

Cualificación final ordinaria será a media aritmética da nota da primeira avaliación, da segunda avaliación e da terceira avaliación tendo en conta as probas recuperadas.

Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, o redondeo será:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.

### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que non supere algunha avaliación parcial será convocado a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Ademais, abriranse prazos para que poida entregar as tarefas pendentes, ou repetilas, no caso de ser preciso.

A cualificación será o resultado de aplicar os instrumentos de avaliación referidos.

O alumnado que non superou as avaliacións parciais, terá que presentarse á proba final (proba escrita), que versará sobre os contidos específicos daquelas avaliacións que ten suspensas.

A cualificación da avaliación final será calculada como media ponderada das cualificacións das avaliacións parciais superadas e a cualificación da proba final correspondente ás avaliacións non superadas sen aplicar o redondeo.

Dado que a cualificación da avaliación final é numérica exacta, aplicarase ao resultado final o redondeo seguinte:

- Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.

Entenderase superada a materia cando a cualificación da avaliación final sexa igual ou superior a 5.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Son medidas de atención á diversidade as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado (Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011).

De ser preciso, desenvolveranse as seguintes medidas de atención á diversidade:

Ordinarias. Aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos obxectivos, contidos nin criterios de avaliación, ao contexto do centro e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- Adecuación da xestión da aula ás características do alumnado, procurando a participación, o acceso aos recursos, favorecendo a convivencia e aprendizaxe compartida.
- Adecuación da programación didáctica ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
- Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

Extraordinarias. Aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou unha modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo é aquel que require unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O alumnado que presenta necesidade educativas especiais é aquel que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atención educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

- Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa da educación secundaria obrigatoria. Dirixida a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro.

O docente colaborará co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación na planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.

A avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora                      | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita                 | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Comunicación audiovisual                 | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - Competencia dixital                      | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial       | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.7 - Educación emocional e en valores         | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - A igualdade de xénero                    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.9 - A creatividade                           | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

|                            | UD 9 |
|----------------------------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X    |

|   | UD 9 |
|---|------|
| ET.2 - Expresión oral e escrita                 | X    |
| ET.3 - Comunicación audiovisual                 | X    |
| ET.4 - Competencia dixital                      | X    |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial       | X    |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X    |
| ET.7 - Educación emocional e en valores         | X    |
| ET.8 - A igualdade de xénero                    | X    |
| ET.9 - A creatividade                           | X    |

#### Observacións:

En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. Promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade  | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Visita empresa.   | Co fin de analizar a toma de decisións dun dos principais axentes económicos. |          |          | X        |
| Charlas formativas a cargo de empresas e/ou institucións. | Charlas que pretenden achegar a realidade económica ao alumnado.              | X        | X        | X        |

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| <b>Indicadores de logro</b>  |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico   |
| Inclúe os elementos curriculares na programación didáctica adaptándoos ás características do alumnado e contexto do centro.  |
| Elabora as unidades didácticas utilizando como referente a programación didáctica da materia.  |
| <b>Metodoloxía empregada</b>   |
| Emprega as tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.  |
| Propón actividades complementarias que contribúan á mellora da aprendizaxe do alumnado.  |
| Fomenta e estimula as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, de expresión escrita e en público.  |
| Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula en función das características do grupo.  |
| Establece criterios e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permitan facer o seguimento do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición de competencias.                       |
| Analiza os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas. Informa dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora.   |
| Relaciona os contidos da materia cos feitos da actualidade.  |
| Organiza actividades complementarias axeitadas que completen a aprendizaxe tendo en conta as inxerencias do alumnado, na procura de facer atractiva a participación no desenvolvemento das mesmas. |
| Os mínimos de consecución e os criterios de cualificación e recuperación están claramente definidos.   |
| Establece as medidas de atención á diversidade necesarias para facilitar o acceso ao currículo do alumnado   |
| Rexistra e avalía o seguimento da súa propia actuación no desenvolvemento das clases.  |
| Emprega instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.   |
| Establece as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado.   |
| Emprega os resultados da avaliación para mellorar o proceso de ensino.   |
| <b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>  |
| Presenta e publica a programación didáctica incidindo especialmente na metodoloxía, instrumentos e proceso de avaliación e cualificación.  |
| Planifica, coa antelación suficiente e tendo en conta a dispoñibilidade do alumnado, o calendario de probas a realizar segundo a tipoloxía.  |
| Procura a transparencia do proceso de avaliación.  |

|   |
|---|
| <b>Medidas de atención á diversidade</b>  |
| Realiza a avaliación inicial co fin de identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa.         |
| Ofrece ao alumnado múltiples formas de presentación dos contidos e de acción e expresión.   |
| Presenta ao inicio de cada sesión o plan de traballo, sinalando os obxectivos que se pretenden lograr.                                      |
| Recoñece o esforzo do alumnado, non só os resultados.   |
| Propón ao alumnado a realización de actividades de recuperación e reforzo, de enriquecemento e ampliación, en función das súas necesidades. |
| <b>Clima de traballo na aula</b>  |
| Fomenta a participación do alumnado no desenvolvemento da materia, promovendo o debate e a análise crítica dos temas propostos.             |
| Emprega na aula un discurso que estimula e mantén o interese do alumnado polos contidos obxecto de estudo.                                  |
| Amosa unha actitude aberta e receptiva e fomenta a interacción co alumnado.   |
| Xestiona a intelixencia emocional na aula, facilitando a expresión do alumnado, ensinando estratexias comunicativas.                        |
| <b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>   |
| Planifica a actividade educativa coordinada con outras materias.  |
| <b>Outros</b>   |
| Participa en actividades de formación dirixidas á actualización de coñecementos científico-técnicos, didácticos e/ou psicopedagóxicos.      |
| Realiza actividades, traballos e proxectos de investigación e innovación educativa relacionados coa práctica docente.                       |

### Descrición:

Tal e como establece a normativa, O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes. Tales indicadores consisten nunha serie de items que permiten reflexionar sobre a actuación co alumnado e os aspectos reflectidos na programación:

- planificación,
- motivación do alumnado,
- desenvolvemento do proceso de ensino,
- idoneidade dos materiais empregados e das actividades propostas
- seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe

Valoraranse de 0 a 5.

Obxectivos da avaliación da práctica docente:

- Axustala ás peculiaridades do grupo e a cada alumno/a.
- Comparar a planificación curricular coa súa execución.
- Favorecer a reflexión individual e colectiva.
- Mellorar a comunicación e coordinación

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Ao iniciar o curso revisarase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.

A avaliación da presente programación farase a través do seguimento na aplicación Proens ao final de cada unidade didáctica por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia a cada grupo e nas reunións mensuais de departamento. O informe de seguimento require indicar o número de sesións empregadas en cada unidade didáctica, grao de cumprimento, propostas de mellora e observacións.

Nas reunións de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar co fin de introducir as modificacións que sexan precisas.

O informe de seguimento facilitará a redacción da Memoria Final.

Ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro:

- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación.
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

## **9. Outros apartados**